



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXECICIO ECONÓMICO 2024.

EXPEDIENTE: 182/2023

Elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2024, que ascende tanto no estado de gastos coma de ingresos a 3.992.300,00 €, que supón un incremento do 2,02% % con respecto ao do exercicio 2023, e que se prevé dé cobertura económica as obrigas esixibles e as que poidan derivarse da normal prestación deste servizo e do funcionamento do propio Consorcio, sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan derivadas da recente implantación do sistema de xestión directa; atópase nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e acompaña ó mesmo o Cadro de Persoal, as Bases de Execución do Presupuesto, informe económico-financeiro e informe de intervención.

Considerando o disposto no artigo 120 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e o acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria de data 31-07-2014, polo que o Consorcio quedará adscrito, en cada exercicio presupostario e por todo período á Administración que se determine de acordo cos criterios, recollidos na Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común, que son os mesmos que os regulados no artigo 120.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Considerando que, segundo establece o artigo 122.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos, sin prexuízo da súa suxección ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e o punto 4 deste mesmo artigo no que se sinala que os consorcios deberán formar parte dos presupostos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscripción.

Esta Presidencia proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente o proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial 2024 e a súa vez lle propoña ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º/ A adscripción do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento no exercicio económico 2024 á Deputación Provincial de





Pontevedra, de acordo co criterio de territorialidade, recollido no artigo 120, punto 2, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector público en concordancia co artigo 6 dos Estatutos do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados mediante Decreto 36/2011, de 17 de febreiro.

2º/ Tomar razón e aprobar provisionalmente o Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio económico 2024, que ascende a contía tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos a TRES MILLÓNS NOVECIENTOS TRECE MIL TRESCIENTOS EUROS (3.992.300,00 €) co seguinte resume por capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.175.938,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	778.302,00	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.065.200,00
4	Transferencias correntes	5.000,00	4	Transferencias correntes	1.927.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	30.060,00	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		3.992.300,00	TOTAL		3.992.300,00

3º/ Aprobalas Bases de Execución tal e como figuran redactadas.

4º/ Aprobalo Cadro de Persoal e de retribucións para o exercicio 2024:

CADRO DE PERSOAL

APARTADO 1º: Persoal funcionario				
PERSONAL ADMINISTRATIVO				
GRUPO	NIVEL/CD	DENOMINACIÓN	NÚMERO	RETRIBUCIÓN ANUAIS 2024
1		ESCALA HABILITACIÓN CARÁCTER ESTATAL (En réxime de acumulación de funcións)		
A1	1.1	SUBESCALA SECRETARIA-INTERVENCIÓN		
		SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A	1	17.190,36
	2	ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL		
A1	2.1	SUBESCALA TÉCNICA		
		TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	
C1	2.2	SUBESCALA ADMINISTRATIVA		
		ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1	

	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANUAL	COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDAD ANUAL
TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	14.261,07	6.111,88
ADMINISTRATIVO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	9.486,96	4.065,84

APARTADO 2º: Persoal directivo (Contrato de alta dirección celebrado ao abeiro do R.D. 1382 de 1 de agosto)		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAIS 2023
1	XERENTE	38.566,40





APARTADO 3º: Persoal laboral subrogado		
N.º POSTOS	DENOMINACIÓN	DEREITOS RETRIBUTIVOS
3	XEFE DE PARQUE	Il Convenio colectivo de prestación do servizo contra incendios e salvamento para o persoal da empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUTURAS, S.A. na Provincia de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 194, de data 09-10-2019, cos incrementos retributivos previstos nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e lexislación concordante para os empregados públicos.
20	XEFE DE QUENDA-CONDUCTOR	
50	BOMBEIROS-CONDUCTORES	

APARTADO 3º: Persoal laboral temporal	
DENOMINACIÓN	DEREITOS RETRIBUTIVOS
BOMBEIROS-CONDUCTORES	Il Convenio colectivo de prestación do servizo contra incendios e salvamento para o persoal da empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUTURAS, S.A. na Provincia de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 194, de data 09-10-2019, cos incrementos retributivos previstos nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e lexislación concordante para os empregados públicos.

RÉXIME RETRIBUTIVO

O artigo 21 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece que:

“1. As contías das retribucións básicas e o incremento da contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberán reflexarse para cada exercicio orzamentario na correspondente Lei de Orzamentos.

2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior ós límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal”.

A este respecto, estes cadros retributivos contemplan, para os diferentes conceptos, un incremento das retribucións do persoal ao servizo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento do 2,5 % respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2023, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

- ESCALA HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL (Secretaría-intervención):

Gratificación anual, ao abeiro do artigo 44.6 do Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, será a vixente a 31-12-2023 co incremento que fixe o a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos; quedando co incremento previsto do 2,5%: 17.190,36 €/brutos anuais. Estas gratificacións distribuiranse en doce mensualidades iguais.

- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL (Subescala técnica-Subescala administrativa)

En aplicación do R.D.Lvo. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a contía das retribucións básicas, para cada un dos grupos de clasificación, e do complemento de destino, segundo ao nivel que teña atribuído o posto, será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos. O complemento específico e de produtividade é o aprobado coa modificación do Cadro de Persoal e retribucións do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2021 derivado da internalización do servizo de intervención en emerxencias, cos incrementos derivados das sucesivas leis de orzamentos, da lexislación aplicable en materia de retribucións dos empregados públicos e o incremento previsto do 2,5 % para o exercicio 2024 na lei de Ozamentos Xerais do Estado ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos.

A cantidade consignada no orzamento para o complemento de produtividade queda á libre disposición da Presidencia para retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou iniciativa con que se desempeñan os postos de traballo.

As retribucións dos funcionarios interinos, nomeados conforme ao previsto no artigo 10.1, apartado a) e b) do





EBEP, imputaranse ás aplicacións orzamentarias das prazas de funcionarios ás que estean adscritos.

Estes funcionarios percibirán as retribucións básicas correspondentes ao grupo ou subgrupo no que esté clasificado o Corpo ou Escala, no que fosen nomeados como interinos e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen.

- PERSOAL LABORAL DE ALTA DIRECCIÓN (Xerencia):

Clasifícanse as retribucións da Xerencia, que ostenta a condición de persoal directivo - laboral de alta dirección, en básicas e complementarias (Disposición adicional Duodécima da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), en básicas e complementarias.

Serán as vixentes a 31-12-2023 co incremento que fixe o a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos; quedando co incremento previsto do 2,5%:

a) As retribucións básicas, atendendo as características do Consorcio e a dispersión territorial do servizo e de acordo coa equivalencia do grupo de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social, quedan establecidas para o exercicio 2024 na contía de 18.392,96 €, que serán aboadas a razón de 1.133,17 € as 12 mensualidades; incrementándose as nómina do mes de xuño e decembro en 2.373,46 € cada unha delas.

b) As retribucións complementarias estarán integradas polos seguintes conceptos:

- **Polo complemento de posto:** que retribúe as características específicas da Xerencia, previstas no artigo 16, letras a), b), c) e i) e que para o exercicio 2024 ascenden a 14.831,40 € distribuídas en doce mensualidades.

- **Complemento variable:** Que ascende a un total de 5.342,04€, distribuídas en doce mensualidades e que se percibirá en función do cumprimento dos seguintes obxectivos mensuais:

a) Velar para que a empresa adxudicataria do contrato de mantemento integral dos bens mobles e inmoables, xestión enerxética, xestión de seguros e outros traballos execute este co máximo grao de cumprimento das condicións do mesmo, que se reflectirá cada mes nun INFORME DA XERENCIA no que dará conta deste cumprimento.

b) Avalar mediante un INFORME MENSUAL a procedencia do pago á empresa adxudicataria, que deberá entregar nun prazo máximo de 10 días desde que a empresa presenta a factura correspondente a cada mensalidade.

c) Esixir á empresa a reparación inmediata dos vehículos e medios técnicos que presentaran avarías ou fallos no seu funcionamento que prexudicaran a prestación do servizo, dando conta ao Consorcio desta situación e das medidas adoptadas nun INFORME DE INCIDENCIAS.

d) Presentar un INFORME DE INTERVENCIÓNS, que garanta que os efectivos dos parques se mobilizaron a todas as chamadas efectuadas polo CAE 112 ou polas demandas das Autoridades, e da Presidencia e xerencia do propio Consorcio.

e) Trasladar ao Consorcio aquelas cuestións de organización ou de adquisición de materiais que puidieran supoñer unha mellora na eficacia do servizo de cara á atención aos cidadáns.

f) Conformar a procedencia do pago das retribucións e avalar mediante un INFORME MENSUAL os gastos variables efectuadas polos bombeiros, horas extras, quilometraxes, gastos de aparcadoiro e todos aqueles gastos variables requiren de comprobación para ser incluídos na nómina do mes, labor a desenrolar pola xerencia.

g) Con carácter xeral, o cumprimento das funcións encomendadas á Xerencia polo artigo 16.2 dos Estatutos do Consorcio, aprobados mediante o Decreto 36/2011, de 17 de febreiro.

- PERSOAL LABORAL

A. RETRIBUCIÓN.

As retribucións serán as que viñan gozando o persoal subrogado segundo o II Convenio colectivo de prestación do servizo contra incendios e salvamento para o persoal da empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUTURAS, S.A. na Provincia de Pontevedra, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 194, de data 09-10-2019, cos incrementos retributivos previstos nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e/ou lexislación concordante para os empregados públicos, prevendo un incremento para o exercicio 2024 do 2,5%, respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2023, quedando:

BOMBEIROS:

Complementos fixos		Complemento variables	
Conceptos	Importes	Conceptos	Importes
Salario base	1.498,55	Hora plus de mando	38,67
Antigüidade	trienios	Horas extras normais 1	15,72
Pago prorrateado P.E. xuño	246,68	Horas extras normais 2	12,44
Pago prorrateado P.E. Decembro	246,68	Horas extras normais 3	9,16
Plus transpote	199,85	Horas extras siniestros convenio 1	19,67





Prima Acc. convenio	7,82	Incen. Traballos especiais	109,28
---------------------	------	----------------------------	--------

XEFE DE QUENDA:

Complementos fixos		Complemento variables	
Conceptos	Importes	Conceptos	Importes
Salario base	1.464,91	Horas extras normais 1	17,37
Antigüidade	trienios	Horas extras normais 2	14,09
Pago prorrateado P.E. xuño	246,68	Horas extras normais 3	10,82
Pago prorrateado P.E. Decembro	246,68	Horas extras siniestros convenio 1	20,77
Plus transpote	199,85	Incen. Traballos especiais	109,28
Prima Acc. convenio	7,82		
Plus de mando	235,25		

XEFE DE PARQUE:

Complementos fixos		Complemento variables	
Conceptos	Importes	Conceptos	Importes
Salario base	1.646,55	Horas extras normais 1	19,98
Antigüidade	trienios	Horas extras normais 2	16,21
Pago prorrateado P.E. xuño	238,54	Horas extras normais 3	12,43
Pago prorrateado P.E. Decembro	238,54	Horas extras siniestros convenio 1	23,87
Plus transpote	199,85	Gastos locomoción	6,56
Prima Acc. convenio	7,82	Incen. Traballos especiais	109,28
Plus de mando	483,05	Plus dispoñibilidade	819,53

TRIENIOS:

2024	47,14
------	-------

Todo elo tendo en conta, a modificación da estrutura da nómina do persoal operativo ao servizo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, acordada mediante Resolución da Presidencia de data 09-09-2022, nº 2022-0099, en virtude da reunión, de data 10-06-2022, que se mantivo coa representación sindical.

B. PLUS DE DISPOÑIBILIDADE.

Con carácter temporal e non consolidable, concederase o plus de dispoñibilidade, establecido pola empresa concesionaria Mantenimiento de Infraestructuras, S.A., aos xefes de parque pola actividade extraordinaria que desenvolvan pola substitucións das Xefaturas de parque e a asunción das correspondentes funcións, nos casos de ausencias xustificadas por desfrute de vacacións, días de permiso ou baixas de incapacidade temporal, que ascende, co incremento previsto para o exercicio 2024 respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2023 do 2,5 %, a 819,53 €/mes.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS:

1ª. O réxime retributivo previsto queda condicionado ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 ou a lexislación que resulte de aplicación.

2ª. O cadro de persoal e o réxime retributivo poderá verse modificado por acordos que se adopten en materia de persoal.

5º/ Dar traslado do expediente, en canto ente de adscripción, á Deputación Provincial





de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento Deputación Provincial de Pontevedra, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En Pontevedra, o presidente

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe





ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXECICIO ECONÓMICO 2024.

MEMORIA EXPLICATIVA DO SEU CONTIDO E PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓN CO VIXENTE.

QUE FORMULA A PRESIDENTA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO EN CUMPRIMENTO O DISPOSTO NOS ARTIGOS 168.1.a) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, ARTIGO 18.1 a) DO REGULAMENTO QUE DESENVOLVE PARCIALMENTE ESE TEXTO, APROBADO POR REAL DECRETO 500/1990, DO 20 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO DISPOSTO POLO ARTIGO 14.5 DOS ESTATUTOS DESTE CONSORCIO, APROBADOS POR DECRETO 36/2011, DO 17 DE FEBREIRO.

Consideracións previas.

Con data 7 de marzo de 2011 publícase no Diario Oficial de Galicia, nº 45, o Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, que terá para tódolos efectos a consideración de Administración pública.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo se sinala no artigo 3º, ten a condición de entidade local non territorial de carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. O consorcio desenvolverá a súa actividade conforme a un orzamento independente.

Pola súa parte, o día 2 de outubro de 2016 entra en vigor a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que ven a establecer no artigo 118.1 que os consorcios son entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia e diferenciada, creada por varias Administracións Públicas ou entidades integrantes do sector público institucional, entre sí ou con participación de entidades privadas, para o desenvolvemento de actividades de interese común a todas elas dentro do ámbito das súas competencias.

Sinalando o artigo 122.1 que os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupostación, contabilidade e control da Administración Públicas que estén adscritos, sen prexuízo da súa suxección ao previsto na [Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril](#), engadindo o punto 4 que os consorcios deberán formar parte dos presupostos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscripción.

A tal efecto, procédese á formación do Orzamento, correspondente ao exercicio 2024.

O Orzamento que se propón para a súa aprobación polo Pleno constitúe o décimo terceiro documento orzamentario do Consorcio, xa que o Consorcio Provincial de Pontevedra, iniciou o seu funcionamento, ao abeiro da Disposición adicional e Disposición transitoria dos seus Estatutos, o 1 de xaneiro de 2012, cos parques comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña, previa disolución e integración dos Consorcios comarcais, coa achega dos medios técnicos e recursos con que contaban; polo que o Orzamento para o exercicio 2012 se elaborou en base ao ámbito de actuación dos consorcios comarcais asumindo a previsión de ingresos e os compromisos de gastos existentes nos Consorcios Comarcais a 31-12-2011.





En sesión de data 08-04-2021, o Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento acorda aprobar con carácter definitivo a “Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra”, subscrita, na reunión de data 08-01-2021, pola Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta á xestión directa; coas correccións sinaladas na Mesa de negociación, na reunión de data 15 de xaneiro de 2021 e coa corrección sinalada no seo da sesión do Pleno de data 2 de febreiro de 2021, de toma en consideración e aprobación inicial; quedando determinado como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal de intervención co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo.

En virtude do devandito acordo, a Presidencia mediante Resolución de data 30-05-2021, resolve dar por rematado, con data 31 de maio de 2021, o contrato subscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF A80173115) da xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e iniciar, con data 1 de xuño de 2021, a xestión directa, nos termos acordados polo Pleno, en sesión de data 08-04-2021.

Neste contexto elabórase o Orzamento correspondente ao exercicio 2024, que se prevé dé cobertura económica ao terceiro exercicio completo de xestión directa do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente deste Consorcio Provincial e as obrigas que poidan derivarse da normal prestación deste servizo e do funcionamento do propio Consorcio; sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan derivadas da recente implantación deste sistema de xestión, xa que as primeiras anualidades se consideran de transito, máxime ao non dispoñer da infraestrutura administrativa prevista nos orzamentos que permita executalo plenamente, e que determina non dispoñer dunha imaxe real e completa das necesidades e gastos que derivan da implantación do sistema de xestión directa.

Sobre a base das anteriores consideracións e o marco normativo que determina a actuación das Administracións públicas, tanto na súa calidade de prestadoras de servizos como de entidades que xestionan recursos públicos, que deberán estar orientados pola *eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade* e atendendo aos principios reitores do gasto, recollidos na propia Constitución, artigo 31.2 e 135, e principios que desenvolve a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (artigo 3.1 e *artigo 7*); xunto coa colaboración e suxerencias realizadas polo persoal deste Consorcio, **preséntase** o Orzamento para o exercicio 2024 que ascende tanto no estado de gastos coma de ingresos a TRES MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E DOUS MIL TRESCIENTOS EUROS (3.992.300,00 €), que se incrementa nun 2,02% con respecto ao do exercicio 2023, acadando unha sintonía entre ingresos e gastos de xeito que permita o equilibrio.

De seguido desenvólvense, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto.





ESTADO DE GASTOS.

O cambio de modelo de xestión do servizo de intervención en emerxencias a xestión directa con efectivos de persoal propio do Consorcio requiriu adaptar a estrutura orzamentaria. Estas adaptacións afectaron ao Capítulo I de gastos de persoal e por ende á plantilla de persoal e ao Capítulo II de gastos correntes en bens e servizos, por canto o cambio de modelo de xestión indirecta a directa deixou de ter reflexo no Capítulo II para pasar a telo no Capítulo I, que veu a experimentar unha importante modificación tanto cualitativa como cuantitativa:

- Cualitativa, que afectou a estrutura e ao número de efectivos do Cadro de Persoal, derivado da subrogación do persoal de intervención co carácter de indefinidos non fixos/interinidade e a previsión de postos de carácter administrativo.
- Cuantitativa, que afectou ao importe da masa de gastos de persoal.

Capítulo I. Gastos de Persoal.

En virtude do cambio de modelo de xestión, consígnase crédito para os custos do persoal de intervencións que foi subrogado e de persoal laboral temporal para cubrir as necesidades inaprazables que poidan xurdir para na prestación do servizo por situacións de IT, vacacións etc., que faga preciso acudir as modalidades de contratación laboral temporal prevista na lexislación vixente.

Así mesmo, tamén se consiga o posto de Xerencia, Secretaría-Intervención, postos previstos nos Estatutos, e os postos de carácter administrativo de nova creación.

Tendo en conta o sinalado, no Orzamento 2024, en relación á previsión do Orzamento 2023, no Capítulo I prevese un incremento das retribucións do 2,5%, condicionado, non obstante, ao que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 ou norma equivalente en materia de retribucións dos empregados públicos.

Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos.

Segundo se establece no artigo 5º.2 dos seus Estatutos, constitúe o obxecto do consorcio a execución das competencias de **servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento**, que se lles atribúe na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión prevista na lexislación.

Neste capítulo consígnanse, os crédito que se estiman precisos para atender os gastos en bens e servizos necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto deste Consorcio e para atender os gastos de funcionamento do mesmo; consignando crédito no subconcepto 227.99 para os gastos derivados da contratación do servizo de mantemento dos bens móbiles, inmóbiles e equipos, incluídas as instalacións técnicas, equipos e utillaxes afectos á prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento.

Mantéñense unhas previsións semellantes as do exercicio 2023, dado, como se sinalou, o carácter de transición que veñen a supoñer estes exercicios non permite dispoñer dunha imaxe real das necesidades e gastos que derivan da implantación do sistema de xestión directa.





Capítulo IV. Transferencias correntes:

Prevese a achega á Asociación de Consorcios de Bomberos de España, en virtude de acordo de adhesión adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión de data 21 de maio de 2013 e o acordo da Asamblea Xeral da Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (Conbé), en sesión de data 23 de febreiro de 2023, acordou establecer a cota anual de cada unha das Entidades integrantes da Asociación para o exercicio 2023 en 5.000,00 €, que se prevé que se manteña para o exercicio 2024.

Capítulo V. Fondo de continxencia e outros imprevistos:

Inclúese, como nos exercicios anteriores, o Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos; previsto no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Capítulo VI. Investimentos reais:

Despois de contificar os custos de persoal e os gastos correntes da prestación do servizo, consígnase o crédito dispoñible para investimentos reais.

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos.

Abrangue a “Taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento” que entrou en vigor no exercicio 2014, a “Taxa pola Prestación do servizo contra incendios e salvamento” e a “Taxa por expedición de documentos administrativos e realización de actividades administrativas”, e outros ingresos que se derivan basicamente da recadación en período executivo.

Este capítulo aumenta un 3,98%, motivado no previsible incremento da “Taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento”, baseando na sucesiva tendencia á alza.

Capítulo IV. Transferencias correntes.

Mantense a achega do exercicio 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, que foi incrementada respecto das anualidades anteriores, con motivo do acordo adoptado polo Pleno do Consorcio, en sesión de data 11 de decembro de 2018, polo que, ao abeiro do punto 1 da Disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, se aproba a homoxeneización da masa retributiva salarial anual por categorías profesionais do persoal profesional que presta servizos nos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nos termos acadados nos Consorcios Provinciais de Ourense e Lugo.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais.

Recole a previsión simbólica de ingresos que poidan proceder dos intereses que devengan depósitos monetarios en bancos.

En definitiva, o proxecto de Orzamento 2024 que se presenta ao Pleno, considérase que, en principio, contén as previsións necesarias para atender ás obrigacións do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante o seu desenvolvemento.

Pontevedra, o presidente Luis López Dieguez





Documento asinado dixitalmente ao marxe





INFORME DE INTERVENCIÓN Ó PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024.

Dando cumprimento ao artigo 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e en relación ó proxecto de Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio do 2024, emítese o informe preceptivo previsto no devandito artigo nos seguintes termos:

1º- Lexislación aplicable.

Segundo determina o artigo 118.1 da Ley 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector público,

“Los consorcios son entidades de derecho público, con personalidad jurídica propia y diferenciada, creadas por varias Administraciones Públicas o entidades integrantes del sector público institucional, entre sí o con participación de entidades privadas, para el desarrollo de actividades de interés común a todas ellas dentro del ámbito de sus competencias.”

En canto ao réxime xurídico dos consorcio, o artigo 119 establece, que

“1. Los consorcios se regirán por lo establecido en esta Ley, en la normativa autonómica de desarrollo y sus estatutos.

2. En lo no previsto en esta Ley, en la normativa autonómica aplicable, ni en sus Estatutos sobre el régimen del derecho de separación, disolución, liquidación y extinción, se estará a lo previsto en el Código Civil sobre la sociedad civil, salvo el régimen de liquidación, que se someterá a lo dispuesto en el artículo 97, y en su defecto, el [Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio](#).

3. Las normas establecidas en la [Ley 7/1985, de 2 de abril](#), y en la [Ley 27/2013](#), de 21 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local sobre los Consorcios locales tendrán carácter supletorio respecto a lo dispuesto en esta Ley.”

Polo que respecta ao réxime de adscripción, o artigo 120.1 desta norma establece, que

“1. Los estatutos de cada consorcio determinarán la Administración Pública a la que estará adscrito de conformidad con lo previsto en este artículo.

2. De acuerdo con los siguientes criterios, ordenados por prioridad en su aplicación y referidos a la situación en el primer día del ejercicio presupuestario, el consorcio quedará adscrito, en cada ejercicio presupuestario y por todo este periodo, a la Administración Pública que:

a) Disponga de la mayoría de votos en los órganos de gobierno.

b) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de los órganos ejecutivos.

c) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del personal directivo.

d) Disponga de un mayor control sobre la actividad del consorcio debido a una normativa especial.

e) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del





órgano de gobierno.

f) *Financie en más de un cincuenta por ciento, en su defecto, en mayor medida la actividad desarrollada por el consorcio, teniendo en cuenta tanto la aportación del fondo patrimonial como la financiación concedida cada año.*

g) *Ostente el mayor porcentaje de participación en el fondo patrimonial.*

h) *Tenga mayor número de habitantes o extensión territorial dependiendo de si los fines definidos en el estatuto están orientados a la prestación de servicios a las personas, o al desarrollo de actuaciones sobre el territorio."*

E en canto, ao réxime orzamentario, de contabilidade, control económico-financeiro e patrimonial, o artigo 122.1 establece que

"Los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración Pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la [Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril](#)."

Polo que neste marco normativo e en relación coa elaboración e aprobación do Orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e dado que o réxime orzamentario, de contabilidade, control económico-financeiro e patrimonial do Consorcio será o da Administración Pública á que estén adscritos, terase en conta a seguinte lexislación:

1. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
2. Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento.
3. Acordo adoptado polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión extraordinaria de data 31-07-2014, polo que o Consorcio quedará adscrito, en cada exercicio presupostario e por todo período á Administración que se determine de acordo cos criterios de prioridade, recollidos na Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común.
4. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.
5. Arts. 162 a 171 do RD Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
6. Arts. 2 a 23 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos.
7. Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo que modifica a vixente estrutura orzamentaria regulada na Orde HAP/3565/2008.
8. Normativa complementaria.

2º.- Documentación que contén o expediente.

O Orzamento que se somete á aprobación do Pleno do consorcio, para o exercicio económico de 2024, ascende, tanto no seu estado de gastos como no de ingresos, á cantidade de TRES MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E DOUS MIL TRESCENTOS EUROS (3.992.300,00 €), resultando evidente que se confeccionou sen déficit inicial, cumprido o que prescribe o texto refundido da Lei de facendas locais nos seus artigos 162 e seguintes. Consta de seguinte documentación:

- Estados de Gastos.
- Estados de Ingresos.
- Bases de execución.
- Memoria da Presidencia.





- Anexo de persoal.
- Informe económico-financieiro
- Informe de intervención
- Liquidación do orzamento 2022 e avance da liquidación do corrente.

3º.- Estados de Gastos.

Dá cumprimento á disposición final segunda da Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo que modifica a vixente estrutura orzamentaria regulada no Orde HAP/3565/2008, que entra en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial do Estado (publicada o 19-03-2014 entrada en vigor 20-03-2014) e resulta de aplicación, en canto a súa elaboración, execución e liquidación, aos presupostos correspondentes ao exercicio 2015 e seguintes; polo que a clasificación por programas é a prevista no ANEXO I desta Orde.

En relación co estado de gastos, cabe subliñar que, o Orzamento de gastos do 2024 está elaborado sobre previsión da cobertura económica das obrigas que poidan derivarse da normal prestación deste servizo e do funcionamento do propio Consorcio; sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan derivadas da recente implantación do sistema de xestión directa, que nestas primeiras anualidades se consideran de transito e que determina non dispoñer dunha imaxe real e completa das necesidades e gastos que derivan da implantación do sistema de xestión directa.

- No capítulo 1, gastos de persoal, prevense os créditos destinados ás retribucións e gastos sociais dos postos previstos no Cadro de Persoal, que contempla:

* a Xerencia

* Secretaría-Intervención, postos previstos nos Estatutos.

* os derivados da implantación do sistema de xestión directa coa subrogación do persoal de intervención co carácter de indefinidos non fixos/interinidade.

* os postos de carácter administrativo de nova creación.

Tamén se consigna crédito nas aplicacións do Capítulo I, de retribucións de persoal laboral temporal, polas necesidades inaprazables que poidan xurdir para cubrir a prestación do servizo por situacións de IT, vacacións etc., que faga preciso acudir as modalidades de contratación laboral temporal prevista na lexislación vixente.

Para o exercicio 2024 prevese, para os diferentes conceptos, un incremento das retribucións do persoal ao servizo do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento do 2,5 % respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2023, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

- No capítulo 2, gastos en bens e servizos correntes, consígnanse, os créditos que se estiman precisos para atender as obrigas e os gastos en bens e servizos necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto deste Consorcio e para atender os gastos de funcionamento do mesmo; consignando crédito no subconcepto 227.99 para os gastos derivados dunha previsible contratación do servizo de mantemento e funcionamento dos bens mobles, inmobles e equipos, incluídas as instalacións técnicas, equipos e utillaxes, afectos á prestación do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento.

- Capítulo IV, prevese a achega á Asociación de Consorcios de Bomberos de España, en virtude de acordo de adhesión adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión de data 21 de maio de 2013 e o acordo da Asamblea Xeral da Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (Conbé), en sesión de data 23 de febreiro de 2023, acordou establecer a cota anual de cada unha das Entidades integrantes da Asociación para o exercicio 2023 en 5.000,00 €, que se prevé que se manteña para o exercicio 2024





Capítulo V: Inclúese o Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos, que regula o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Capítulo VI: Unha vez atendidos os gastos correntes prevense as cantidades destinadas a investimentos.

Todo elo, sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades e adaptacións que xurdan derivadas da tan recente implantación do sistema de xestión directa, que determina non dispoñer dunha imaxe real e completa das necesidades e gastos que vai a supoñer a implantación do sistema de xestión directa para un exercicio completo

4º.- Estados de ingresos.

O Estado de Ingresos recolle previsións nos seguintes capítulos III e IV:

No capítulo III aparecen as partidas destinadas a contabilización de ingresos procedentes da aplicación das ordenanzas fiscais do Consorcio e de outros ingresos procedentes da xestión de ingresos en vía executiva.

No Capítulo IV recóllese a previsión por Transferencias correntes da Comunidade Autónoma (50%) e da Deputación Provincial de Pontevedra (50%), de conformidade co previsto no artigo 23 dos Estatutos reguladores do Consorcio.

5º.- Bases de execución.

Veñen a ser un regulamento orzamentario, que constitúe unha adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, á organización e circunstancias desta Entidade, así como aquelas outras necesidades para a súa acertada xestión, establecendo as previsións estimadas oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran, legalmente, de procedementos e solemnidades específicas, distintas das preceptuadas para a aprobación do Orzamento.

Examinadas estas, resulta que conteñen, a xuízo da informante, as disposicións necesarias para unha adecuada e correcta xestión durante o exercicio económico a que estas se refiren; sen prexuízo das modificacións, adaptacións e puntualizacións que poida experimentar en virtude das necesidades que xurdan derivadas da implantación do sistema de xestión directa do servizo de intervención en emerxencias.

6º.- Memoria da Presidencia.

É o documento no que a Presidencia do Consorcio explica as liñas da súa economía, que se plasman no orzamento anual.

7º.- Anexo de persoal.

Esta parte da documentación orzamentaria servirá tamén para que con ocasión da aprobación do orzamento, como di o art.126 do Texto Refundido aprobado polo R. D. Lexislativo 781/86, se aprobe o cadro de persoal; sen prexuízo das modificacións que se poidan derivar da entrada en vigor da Relación de Postos de Traballo, que deberá aprobar o Consorcio.

8º.- Informe económico-financeiro.





Este documento trata de informar sobre os extremos previstos no art.168.1.e) do TRLRFL.

9º.- Tramitación.

Os pasos principais a seguir de acordo coa lexislación ó principio citada son os seguintes:

- Ditame da Comisión Especial de Contas.
- Toma de razón e aprobación inicial polo Pleno do Consorcio.
- Traslado, en canto ente de adscripción, á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación conxunta co Orzamento da Deputación, dando cumprimento ao artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Exposición pública conxuntamente co da Deputación Provincial de Pontevedra durante 15 días, mediante edictos publicados no B.O.P. e na páxina web da Deputación e do Consorcio.
- Aprobación definitiva polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra que será expresa se hai que resolver reclamacións.
- Publicación no B.O.P. e remisión ás Administracións autonómica e do Estado.

10.- Estabilidade Orzamentaria e límite de débeda.

O principio de equilibrio orzamentario despréndese da comparación dos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos e os capítulos 1 a 7 de ingresos e que o obxectivo de estabilidade orzamentaria identifícanse cunha situación de equilibrio ou superávit. Practicada esta comparación pode observarse que o Orzamento 2024, acada unha situación de equilibrio.

Límite de débeda, o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento non conta con débeda nin se prevé acudir a mesma neste exercizo orzamentario.

CONCLUSIÓN

Obsérvase, a xuízo da que subscribe, que na elaboración do orzamento se cumpriron as prescricións legais aplicables, que contén as previsións necesarias para atender ás obrigacións do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante o seu desenvolvemento. Así mesmo cúmprese co establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Por todo o exposto infórmase o orzamento en sentido favorable. Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

A secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe





INFORME ECONÓMICO FINANCEIRO DO ORZAMENTO DE 2024

